

ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-1).

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

3) Sobre o Plan de Infancia e as Cidades Amigas da Infancia. AER propuxo no pleno do 31 de marzo de 2016 que o Concello de Redondela solicitara a UNICEF a adhesión ao recoñecemento de “Cidade Amiga da Infancia”. En prensa do 20 de xaneiro de 2018 comprobamos que o Concello ven de crear unha mesa de coordinación interna para elaborar o Plan de Infancia. Obviamente, sendo AER promotores desta proposta, parécenos unha falta de respecto ademais dunha tremenda falta de visión política que non se informe acerca dos pasos que se están dando dende o goberno municipal respecto desta iniciativa; e que unha vez máis, e xa son demasiadas, a oposición e en concreto AER non sexa informada directamente polo goberno local (a través de comisións oficiais, xunta de voceiros, un simple correo electrónico,...). Consideramos que como promotores desta proposta deberíamos estar puntualmente informados ou mesmo que poidamos asistir aos órganos que se creen ao respecto.

ROGAMOS que o goberno de Redondela manteña puntualmente informado a AER de toda actuación que teña que ver coa adhesión ao recoñecemento de “Cidade Amiga da Infancia” e que se permita asistencia aos órganos que se creen ao respecto.

Respecto do Rogo Cidade Amiga de Infancia o Alcalde di que lle gustaría que se habilítase un expediente en Gestiona para que tivesen acceso todos os grupos ás informacións e documentacións relacionadas con isto.